

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/20

CENTRO: CMUS OURENSE  
MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO  
DEPARTAMENTO: DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL  
DATA: 07/05/20

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Avaliación e cualificación.**
2. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
3. **Información e publicidade.**

## 1. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> Será continua e formativa e terá en conta a evolución da aprendizaxe do alumnado. Así mesmo, na terceira avaliación utilizaranse exercicios prácticos de forma telemática. <b>Instrumentos:</b> O traballo individual do alumnado a través dos datos recollidos nas gravacións en vídeo e audio do alumnado.
<b>Cualificación final</b>	<b>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Participación dentro das súas posibilidades 10%</li><li>- Os aspectos desde o punto de vista técnico: hábitos posturais, dixitación, velocidade, dinámicas, articulacións, uso dos pedais, cualidade do son, etc. 30%</li><li>- Os aspectos desde o punto de vista musical: estilo, fraseo, métrica, ornamentación, pedalización, etc. 30%</li><li>- Lectura a vista e aplicación dos principios harmónicos: estes aspectos valorarán a capacidade de lectura dos textos musicais e a súa capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos nas materias de Harmonía e Análise. Este apartado valorarase ata un 30%.</li></ul> <p>Con carácter xeral, utilizarase a nota da última avaliación con formación presencial (2ª avaliación). Tódolos traballos e actividades da terceira avaliación, contribuirán ao reforzo ou ampliación da materia os cales, computarán sempre favorablemente, nunca de forma negativa cara á nota final do curso.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	O sistema de avaliación na convocatoria de Setembro consistirá nunha proba na que o alumnado deberá acreditar o dominio da programación establecida ata o fin da segunda avaliación. Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no Informe de Avaliación Negativa elaborado trala terceira avaliación polo profesorado da materia.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<b>Criterios de avaliación:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Ler a primeira vista pezas dun nivel de dificultade apropiado.</li><li>- Realizar exercicios de improvisación cunha base harmónica sinxela, sendo conscientes das leis harmónicas e compositivas básicas: número de compases a utilizar, confirmación da tonalidade, etc.</li><li>- Realizar exercicios de enlaces de acordes.</li><li>- Realizar exercicios utilizando o cifrado americano como recurso harmónico.</li><li>- Interpretar cinco pezas de dificultade adecuada ao nivel.</li></ul>

**Criterios de cualificación:**

- Participación dentro das súas posibilidades 10%
- Os aspectos desde o punto de vista técnico: hábitos posturais, dixitación, velocidade, dinámicas, articulacións, uso dos pedais, cualidade do son, etc. 30%
- Os aspectos desde o punto de vista musical: estilo, fraseo, métrica, ornamentación, pedalización, etc. 30%
- Lectura a vista e aplicación dos principios harmónicos: estes aspectos valorarán a capacidade de lectura dos textos musicais e a súa capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos nas materias de Harmonía e Análise. Este apartado valorarase ata un 30%.

Con carácter xeral, utilizarase a nota da última avaliación con formación presencial (2ª avaliación). Tódolos traballos e actividades da terceira avaliación, contribuirán ao reforzo ou ampliación da materia os cales, computarán sempre favorablemente, nunca de forma negativa cara á nota final do curso.

**Procedementos de avaliación:**

Será continua e formativa e terá en conta a evolución da aprendizaxe do alumnado. Así mesmo, na terceira avaliación utilizaranse exercicios prácticos de forma telemática.

**Instrumentos de avaliación:**

Datos recollidos a través das gravacións de vídeos e audios así como dos exercicios do alumnado.

<b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Realización do repertorio e dos exercicios propostos
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	O alumnado realizará as clases a través de diversas ferramentas TIC tales como Google Classroom, Videoconferencia, Padlet, Centros net o e-mail, etc. Realizaranse as distintas actividades utilizando en cada caso exercicios de repaso así como exercicios de reforzo ou ampliación atendendo ás características do alumnado.
<b>Materiais e recursos</b>	- Bibliográficos, ordenador, recursos na rede, móbil, tablet.

### 3. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Centrosnet - Correo electrónico - Páxina web do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.